

A Casa da Serea

Xoán Rubia*



Escudo da Casa da Serea · A.C. Apelón Educación

Sería bo que Mugardos tratara de recuperar, ou cando menos conservar axeitadamente, aquilo que representa unha mostra interesante da súa historia. A chamada outrora "Casa do Ratón" no Cantón de Cora, máis coñecida por "Casa da Serea" pola ondina que figura no seu escudo, é unha delas.

Non temos constancia da data na que se construíu, pero é moi probable que coas reformas que se lle fixeron, a mansión acadara o seu tempo de esplendor no século XVIII, nunha época na que o pobo bastante tiña con loitar para sobrevivir. Foi residencia da familia Mariño de la Barrerae e o seu promotor chamábase D. Juan Mariño, nado en Ares no ano 1737 e finado en Madrid en 1803. Casou con Dona Francisca Raón, natural de Calahorra, e non tiveron fillos. O maiorazgo da casa correspondeu ao seu irmán Álvaro, que era avogado e cuxo fillo Ramón sería alcalde de Mugardos.

Son estes breves apuntes dos propietarios da casa que nos permiten chamar á porta e entrar na que era esta residencia.

Foi levantada á beira do mar, pois aínda non existía o actual peirao, espazo gañado ao litoral. É de planta rectangular das denominadas dun alto e construída con pedra nobre, posiblemente procedente das canteiras locais. A cuberta foi organizada a catro augas con tella curva do país e dispuña de bufardas para permitir o paso da luz ao sobrado que hoxe desapareceu. Corroando os muros vai unha cornixa voada de cantería de forma de talón que interrompe no centro da fachada para servir de aloxamento ao escudo da casa. Dispuña de balcóns con forxa de ferro que comunicaban coas estancias nobres nas que había pinturas murais.

Deteñámonos agora no escudo. É proporcional, da chamada forma "española", redondeado pola base rematada en punta. Chama a atención a irregular disposición dos cuarteis: o primeiro é tal vez o máis honorábel e representa "as ondas dos Mariño". No segundo aparecen dous peixes xunguidos polas costas (?). No terceiro unhas torres non aliñadas, o que supón unha peculiaridade descoñecida noutros blasóns. No cuarto, unha cruz con condecoración que representa á dunha orde militar, posiblemente á de Carlos III á que pertencía o fundador da casa. A parte máis orixinal é o cuartel no que aparece unha serea que xorde das ondas do mar cun peixe na man esquerda mentres que outro salta da auga, e coa man que ten libre tapa as súas partes.

Non está claro que fora demolida a parte oeste da casa: o que é máis probábel é que se derrubara co paso do tempo. O escudo marcaba simetricamente, en dúas partes iguais, a fachada do inmobile. No espazo que quedou logo do derrubo levantouse unha edificación nos anos 40 do pasado século para dar abeiro a un taller de reparacións de motores de embarcacións de pesca, especialmente das chamadas "parellas". O mal xa estaba feito sen posibilidade de recuperar o antigo esplendor da "Casa da Serea", un dos poucos pazos construídos á beira do mar, unha mostra da historia monumental dunha vila como a nosa que, agás este, non dispón de ningún outro vestixio da época digno de ter en conta.

A recuperación baseada nunha respectuosa actuación de restauración da "Casa da Serea" semella hoxe unha utopía. É unha verdadeira mágoa que estea na lista vermella de edificios singulares que conviña recuperar pero que, por desgraza, non recuperaremos. Se acaso a Administración podería facer un esforzo adquirindo o inmobile, e xa que a súa reconstrución total semella misión imposible, polo menos tratar de recuperar e conservar o que queda en pé e a ser posible darlle un uso público axeitado. Pero solicitar ánimo administrativo, dados os antecedentes, é como pedir peras ao olmo.

*Xoán Rubia. Membro da A.C. Apelón Educación